



“NON Á GUERRA-BARRIÉ SOLIDARIO”

Estimados pai/nais/titores/titoras:

Este ano e dentro das actividades enmarcadas no Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD), imos organizar unha carreira solidaria, que previsiblemente e se o tempo acompaña terá lugar o vindeiro **venres, 8 de abril** durante toda a xornada escolar.

O evento será parecido ao organizado no curso 2018/2019 que levara por nome “Quilómetros de solidariedade”, ou o do ano 2020 “Non máis barreiras – Deámoslle a volta ao cancro infantil”.

O día da carreira o alumnado participará por ciclos da seguinte maneira:

1ª sesión (ás 10:00 h): Infantil fará un percorrido de forma simbólica.

2ª sesión: 1º CICLO

3ª hora: 2º CICLO

4ª hora: 3º CICLO

5ª hora: ÁS 15:05 horas Pais/nais, titores legais, mestres/as e persoal que queira participar.

Os nenos e nenas levarán ás súas casas un “Pasaporte – NON Á GUERRA”. Nel terán que poñer o nome ou nomes de persoas adultas que patrocinen ese corredor ou corredora. Por cada volta que se dea ao circuíto (500 metros aprox.) cada patrocinador comprométese a doar unha cantidade determinada de cartos (máx 0,50 euros/volta) que serán doados de forma íntegra a ACNUR. Se hai algún neno ou nena que non teña “patrocinador” deberá participar na carreira de igual forma.

A semana seguinte á carreira informaremos de qué día teñen que traer os nenos e nenas a súa recadación. **NON PODEN TRAER OS CARTOS CALQUERA DÍA.**

As persoas adultas que queiran participar poderán facer as súas doazóns facendo unha transferencia no número de conta de abaixo **poñendo o concepto de “Doazón carreira solidaria”**.

ES69 2080 0306 5830 4000 2300

O día da carreira as persoas adultas tamén poderán entregar as súas doazóns nunha caixa que estará situada no centro para tal efecto.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza
R/ Rosalía de castro s/n 15840
ceip.barrie.maza@edu.xunta.gal
881866918/ 881866916

É unha carreira solidaria e pódese participar camiñando.

Para aclarar calquera dúbida ou suxestión podedes poñervos en contacto con César, coordinador do proxecto.

Un saúdo.